

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 27.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 27 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 7599 (10/POC-001320)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis
Sobre os posibles efectos do Brexit na actividade económica de Galicia e nos dereitos dos cidadáns galegos residentes no Reino Unido, así como os contactos, a colaboración ou a cooperación establecida polo Goberno galego co Goberno central para abordar ese proceso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017
- 1.1 7857 (10/POC-001372)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas medidas inseridas no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 en materia de persoal laboral, a actuación que vai levar a cabo en relación co seu impacto na autonomía local dos concellos e as medidas previstas para posibilitarlles o incremento das súas ferramentas para o control dos servizos externalizados así como a súa recuperación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017
- 1.3 9321 (10/POC-001612)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre os datos referidos á caída da recadación impositiva da Xunta de Galicia no período 2009-2016 a consecuencia da política de deducións e exencións fiscais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017
- 1.4 10030 (10/POC-001714)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do orzamento destinado á convocatoria, para o ano 2017, de axudas e subvencións para o

fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, a adaptación dos prazos fixados nela ás demandas de contratación dos concellos, así como a suficiencia da duración dos contratos para o outorgamento da cualificación profesional que favoreza a inserción laboral ou, se é o caso, as outras liñas de axuda previstas para eses fins

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 129, do 15.06.2017

- 1.5 10132 (10/POC-001725)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense, a avaliación do impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como a demanda ao Goberno central da corrección desta situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 129, do 15.06.2017

- 1.6 10171 (10/POC-001736)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa materialización da operación de venda do Banco Popular Pastor, actuación levada a cabo polos organismos reguladores e polo Ministerio de Economía, así como o seu impacto en materia de emprego, os efectos previstos na economía galega e a súa opinión respecto da garantía, na actualidade, dos dereitos das persoas usuarias de servizos bancarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 129, do 15.06.2017

Punto 2. Dación de conta

- 2.1 48115 (09/PEA-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe de seguimento do Programa Estatístico 2015
Publicación do Informe de seguimento, BOPG n.º 617, do 16.03.2016
- 2.2 7966 (10/MOP-000007)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo de 2017
Publicación, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

- 2.3 9448 (10/MOP-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de abril de 2017
Publicación, BOPG n.º 120, do 31.05.2017
- 2.4 9124 (10/IIGA-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e sobre os avais vixentes a 31 de marzo de 2017 do Igape
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7599(10/POC-001320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre os posibles efectos do Brexit na actividade económica de Galicia e nos dereitos dos cidadáns galegos residentes no Reino Unido, así como os contactos, a colaboración ou a cooperación establecida polo Goberno galego co Goberno central para abordar ese proceso

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O 29 de marzo de este ano, o Reino Unido, convértese no primeiro estado na historia da Unión Europea que inicia os trámites para abandonar a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Ábrese un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que vai ser longo, complexo e intenso. Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión Europea e o Reino Unido, tódolos países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos en moitos ámbitos da vida económica e social.

Ata o de agora a resposta do Goberno de España, vén sendo decepcionante na opinión do Grupo Parlamentario Socialista, dende as xeneralidades habituais do presidente Rajoy, ata as declaracións absolutamente incomprensibles dalgún membro do seu Goberno.

O exemplo mais evidente, pero non o único, son as palabras da secretaria de Estado de Comercio, María Luisa Ponzela, que manifestou fai uns días que ten confianza en que as relacións comerciais co Reino Unido rematen nunha situación parecida á que temos actualmente cando conclúan as negociacións do “Brexit”, debe de ser a única responsable política de Europa que o pensa.

Si ao propio “Brexit”, engadimos un contexto xeopolítico que se ten alterado notablemente en 2016, debido ao repunte do proteccionismo, especialmente no propio Reino Unido e nos Estados Unidos, a situación tórnase aínda mais complexa.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No contexto dunhas reaccións do Goberno español tibias e pouco definidas; as posicións das comunidades autónomas poden influír notablemente na posición definitiva que España defenda na negociación da Unión Europea.

Os ámbitos afectados serán moitos, e con diferente calado económico e social, dende o comercio exterior en xeral, ata a pesca en augas británicas e as empresas mixtas, os dereitos da cidadanía galega no Reino Unido e dos/das británicos/británicas en Galicia, as previsibles modificacións nos mecanismos de inversións recíprocas de capital, ata os cambios nos parámetros macroeconómicos pola saída dun estado cun nivel de riqueza por riba da media comunitaria.

Os derradeiros datos oficiais publicados para o ano 2015, sitúan os datos de Produto Interior Bruto “per cápita” axustado ao poder adquisitivo, nun 108 % da media europea, no caso do Reino Unido, un 90 % en España, e un 79 % en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego dos efectos que pode ter o chamado “Brexit” na actividade económica de Galicia?
2. É consciente o Goberno galego dos efectos que pode ter o chamado “Brexit” na situación dos nosos cidadáns residentes no Reino Unido?
3. Ten establecido algún tipo de contacto, colaboración ou cooperación o Goberno galego co Goberno de España para abordar este proceso?
4. De ser así, en que ámbitos?
5. Con que obxectivos?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7599
Data envío: 04/04/2017 19:12:54.769



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 19:06:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/04/2017 19:06:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2017 19:07:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7857(10/POC-001372)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas medidas inseridas no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 en materia de persoal laboral, a actuación que vai levar a cabo en relación co seu impacto na autonomía local dos concellos e as medidas previstas para posibilitarlles o incremento das súas ferramentas para o control dos servizos externalizados así como a súa recuperación

Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

ANTÓN SANCHEZ GARCÍA, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.

A xeralización da externalización de servizos públicos municipais fíxose baixo os argumentos pretendidamente indiscutibles da maior eficiencia da xestión privada.

En realidade o que se buscaba, co establecemento dese “sentido común” e de normas legais que o acompañaban facilitando a privatización de servizos públicos, era a entrada das grandes empresas nun enorme e seguro negocio coas nosas necesidades básicas.

A cidadanía e diferentes forzas políticas observaron como a xeralización deste sistema non trouxo a mellora da eficiencia na prestación de servizos en moitos casos, e si a precarización dos traballadores e traballadoras, a perda de calidade do servizo e as prácticas corruptas asociadas á consecución de contratos.

Mentres dende moitos concellos, e dende a sociedade civil, xurdiron iniciativas para recuperar o control sobre os servizos públicos, os gobernos do PP seguiron traballando para blindar o negocio das grandes empresas.

Así se entenden, entre outras iniciativas, como a “Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da administración local” que fomentaba a supresión e privatización de servizos municipais, condicionando a Administración municipal aos principios de estabilidade orzamentaria e suficiencia económica, en detrimento do interese público xeral, ou o impedimento, e obriga de supresión,



para a posta en marcha ou continuidade de iniciativas de actividade económica polos concellos, en beneficio das empresas privadas.

A pesar dos atrancos, a vontade de xestionar directamente dende o público os servizos básicos seguiu adiante con multitude de iniciativas concluídas ou en camiño.

Por iso reaxe o Goberno do Estado, continuando a legislar para entorpecer a quen pretenda rescatar os servizos para o interese xeral.

Así entendemos as seguintes disposicións que aparecen no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado-2017:

“Disposición Adicional vixésimo séptica. Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público.

Un. Con efectos, desde a entrada en vigor desta Lei e vixencia indefinida, as Administracións Públicas do artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, non poderán considerar como empregados públicos do seu artigo 8, nin poderán incorporar en dita condición nunha Administración Pública ou nunha entidade de dereito público:

a) Aos traballadores dos contratistas de concesións de obras ou de servizos públicos ou de calquera outro contrato adxudicado polas Administracións Públicas previstas no artigo 2.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, cando os contratos se extingan polo seu cumprimento, por resolución, incluído o rescate, ou se se adopta o secuestro ou intervención do servizo conforme á lexislación de contratos do sector público que resultase aplicable aos mesmos.



b) Ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que vaian integrarse nunha Administración Pública.

Ao persoal referido nos apartados anteriores seralles de aplicación as previsións sobre sucesión de empresas contidas na normativa laboral.

Dous. Naqueles supostos nos que, excepcionalmente, en cumprimento dunha sentenza xudicial, ou previa tramitación dun procedemento que garanta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, o persoal referido no apartado 1.a) anterior sexa incorporado a sociedades mercantís públicas, as incorporacións que se produzan de acordo co previsto neste apartado, contabilizaranse como persoal de novo ingreso do cómputo da taxa de reposición de efectivos, quedando suxeito aos límites e requisitos establecidos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Tres. O establecido nesta Disposición adicional ten carácter básico e ditase ao amparo do disposto nos artigos 149.1. 13ª y 18ª, así como do artigo 156.1 da Constitución.”

Continuando na súa labor a favor das grandes multinacionais que a cotío fan negocio cos servizos públicos, Montoro ataca as municipalizacións e ás subrogacións.

Si xa había moitas dificultades impostas pola “Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local” agora tamén pechan pola vía das sociedades:

“DA 15ª : 4. As sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais que xestionen servizos públicos ou realicen actividades dos enumerados no artigo 19.Un.2 desta Lei terán, como máximo, a taxa de reposición establecida para o



respectivo sector no citado precepto, sempre que quede xustificada a necesidade desa taxa para a adecuada prestación do servizo ou realización da actividade.”

Por riba co seguinte texto ameazante a quén se atreva a desafiar o marco privatizador actual:

“Disposición Adicional trixésima quinta. Exixencia de responsabilidades nas Administracións Públicas e entidades dependentes das mesmas pola utilización da contratación laboral.

Un. Os contratos de traballo de persoal laboral nas Administracións Públicas e no seu sector público, calquera que sexa a duración dos mesmos, deberán formalizarse seguindo as prescricións e nos termos establecidos no Estatuto dos Traballadores e demais normativa reguladora da contratación laboral, así como do acordo coas previsións da correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, séndolles de aplicación os principios de igualdade, publicidade, mérito y capacidade no acceso ao emprego público, e debendo respectar en todo caso o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e calquera outra normativa en materia de incompatibilidades.

Dous. Os órganos competentes en materia de persoal en cada unha das Administracións Públicas e nas entidades que conforman o seu Sector Público Instrumental serán responsables do cumprimento da citada normativa, e en especial, velarán para evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal que poida dar lugar á conversión dun contrato temporal en indefinido non fixo. Así mesmo, os órganos de persoal citados non poderán atribuír a condición de indefinido non fixo a persoal cun contrato de traballo temporal, nin a persoal de empresas que á súa vez teñan un contrato administrativo coa Administración respectiva, salvo cando elo se derive dunha resolución xudicial.



Tres. As actuacións irregulares na presente materia darán lugar á existencia de responsabilidades aos titulares dos órganos referidos no apartado segundo, de conformidade coa normativa vixente en cada unha das Administracións Públicas.

Catro. As Administracións Públicas promoverán nos seus ámbitos respectivos o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento desta disposición así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal.”

Con estas políticas deféndense os intereses privados das grandes empresas que están a constituírse na realidade como unha administración paralela, e invádese a autonomía local, poñendo paus nas rodas a quen opte pola xestión directa.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1) Concorda o Goberno galego con estas medidas incluídas no Proxecto de Lei de Orzamentos do Estado?
- 2) Ten previsto posicionarse en contra deste ataque á autonomía local dos concellos?
- 3) Ten prevista algunha medida que permita aos concellos ter máis ferramentas para o control dos servizos externalizados e a súa recuperación si así fose a súa vontade?
- 4) Vai a Xunta de Galicia continuar apostando pola externalización de servizos públicos dentro das súas competencias?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7857
Data envío: 10/04/2017 14:45:38.799



5) Permitirá que nos servizos externalizados polo propio Goberno galego se continúe a precarizar aos traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/04/2017 14:44:48

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 9321(10/POC-001612)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre os datos referidos á caída da recadación impositiva da Xunta de Galicia no período 2009-2016 a consecuencia da política de deducións e exencións fiscais

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017



Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A débeda galega incrementouse no período 2008-2016 nun 174,5%, pasando de 3.954 millóns a 10.854 millóns. O incremento que se deu da débeda non foi consecuencia dun proceso de maior gasto en capital, senón que está destinada a cubrir gasto corrente.

Este aumento da débeda foi consecuencia directa dunha forte caída dos ingresos públicos do Estado, que a súa vez foi consecuencia de dous motivos. Por unha banda, unha forte contracción económica debido á crise que deu comezo no 2009, e que promoveu unha caída moi intensa da recadación impositiva e por outra banda, un sistema fiscal moi feble que durante as etapas de crise promove unha caída dos ingresos mais intensa que a media europea e nas etapas de expansión, unha menor recadación sobre PIB que a media europea.

Isto sería consecuencia, en gran media, dun modelo fiscal que implica un deseño de deducións e bonificacións fiscais que debilita en exceso a capacidade de recadación do Estado.

Por outra banda, esta caída dos ingresos públicos tivo a súa respectiva consecuencia no Sistema de Financiamento Autonómico, que viu reducida a súa cuantía moi notablemente. Deste xeito, o estudo titulado “Suficiencia financiera de las CCAA y el Estado del bienestar” e publicado polo IVIE, indica o forte descenso dos fondos do modelo de Financiamento Autonómico. Deste xeito, se tales fondos acadaban no 2009 os 114.352 mil millóns de euros, no 2015



situáronse nos 103.230 millóns, isto é, unha diferenza de 11.122 millóns de euros.

Esta situación, coma no conxunto do Estado, vese agravada pola política de deducións fiscais que tamén é levada a cabo pola Xunta de Galicia, o que fai debilitar aínda mais os recursos públicos sa Xunta.

Nos orzamento do 2014, 2015, 2016 e 2017, a Xunta de Galicia realiza unhas previsións onde se cuantifican tales bonificacións fiscais. Así estas acadan os 310,2 millóns no 2014, 312,4 millóns no 2015, 363,8 millóns no 2016 e 553,4 millóns no 2017. De forma mais detallada, sinálanse as deducións previstas nos orzamentos por figuras tributarias na seguinte táboa.

	2014	2015	2016	2017
IRPF	19.125.000	21.373.000	28.899.900	24.755.000
IP	804.000	804.000	804.000	94.514.000
ISD	88.289.500	76.691.075	117.477.350	144.249.900
ITP-AXD	15.309.000	20.567.000	30.469.500	103.085.244
Hidrocarburos	14.717.977	19.078.177	6.483.000	8.745.000
Taxas e prezos	171.958.908	173.985.672	179.757.994	178.087.743
Total	310.204.385	312.498.924	363.891.744	553.436.887

Fonte: Orzamentos de Galicia. Euros.

Así, a Xunta decidiu compensar toda esta redución de ingresos públicos a través dun maior endebedamento, ao mesmo tempo que afondaba nun sistema fiscal mais feble a través dunha aposta moi clara pola política de dedución e bonificacións fiscais.

Por todo o sinalado previamente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- 1.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta de Galicia debido á política de deducións e exencións fiscais nos anos 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?
- 2.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta a través do IRPF debido ás deducións fiscais aplicadas no 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?
- 3.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta a través do Imposto de Patrimonio debido ás deducións fiscais aplicadas no 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?
- 4.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta a través do Imposto de Transmisión Patrimonial e Actos Xurídicos Documentados debido ás deducións fiscais aplicadas no 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?
- 5.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta a través do Imposto de Sucesións e Doazóns debido ás deducións fiscais aplicadas no 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?
- 6.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta a través do Imposto de Hidrocarburos debido ás deducións fiscais aplicadas no 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?
- 7.ª) A canto ascende a cuantía definitiva que deixou de recadar a Xunta a través de Taxas e Prezos debido ás deducións fiscais aplicadas no 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:35
Nº Rexistro: 9321
Data envío: 19/05/2017 12:35:58.433

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 19/05/2017 12:32:11

Antón Sánchez García na data 19/05/2017 12:32:41

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 10030(10/POC-001714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do orzamento destinado á convocatoria, para o ano 2017, de axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, a adaptación dos prazos fixados nela ás demandas de contratación dos concellos, así como a suficiencia da duración dos contratos para o outorgamento da cualificación profesional que favoreza a inserción laboral ou, se é o caso, as outras liñas de axuda previstas para eses fins

Publicación da iniciativa, 129, 15.06.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O luns, 8 de maio de 2017, publicouse a orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017, establecendo como beneficiarios aos concellos e as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores, sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

As subvencións contidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.460.2 por un importe global de 1.300.000 euros.

A dita orde establece nos seus artigos:

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas cales se rexerá, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións destinadas o financiamento de accións de fomento de emprego, en colaboración coas entidades locais, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.



Grupo Parlamentario

Artigo 4. Requisitos das obras ou servizos

1. As obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade das persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e cumprir os seguintes requisitos:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- a) Que sexan executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas a que se encomende a súa execución.
- b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.
- c) Que a porcentaxe mínima de persoas traballadoras desempregadas que se vaian ocupar na realización da obra ou servizo sexa do 75 %.
- d) Que a entidade local dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas para a realización das obras ou servizos.
- e) Que sexan proxectos que teñan en conta profesións que favorezan a inserción laboral.
- f) Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 %, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses.

No artigo 5 establece que a contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será, para os efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada, establecendo os importes



Grupo Parlamentario

máximos que, poderán incrementarse nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitados conxuntamente, de acordo co punto 2.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E no seu apartado 4, establece que o prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

No artigo 13.2, establécese que o prazo de resolución e notificación será de tres meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E no artigo 16 regúlase a contratación anticipada:

1. Unha vez presentada a correspondente solicitude, cada entidade local, para poder iniciar aqueles proxectos de urxente posta en marcha, poderá contratar anticipadamente aquelas persoas traballadoras desempregadas que lle sexan autorizadas pola respectiva xefatura territorial.
2. Para poder acollerse a esta modalidade de contratación anticipada os concellos, logo de indicalo expresamente no expediente de solicitude, deberán esperar a recibir a autorización expresa para a contratación por parte da respectiva xefatura territorial indicando, cando proceda, a obra ou o servizo en que desenvolverán o seu traballo as persoas contratadas baixo esta modalidade.
3. O proceso de selección e contratación dos desempregados e das desempregadas baixo esta modalidade deberá respectar, en todo caso, o establecido nos artigos 14 e 15, e as oficinas de emprego deberán tramitar as correspondentes ofertas á vista da autorización sinalada no parágrafo anterior.
4. A xustificación das contratacións realizadas con anterioridade a que se diten as correspondentes resolucións admitirase sempre e cando se cumplan as normas contidas neste artigo.



Grupo Parlamentario

5. Unha vez concedidas as autorizacións, a xefatura territorial deberá remitir á Secretaría Xeral de Emprego unha copia de cada unha delas, así como unha relación do total de autorizacións concedidas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista destes datos, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que a cantidade consignada para o fomento de emprego en colaboración coas entidades é suficiente para mellorar a empregabilidade?

2ª) Considera o Goberno galego que a publicación desta orde o 9 de maio, cun prazo de presentación ata o 8 de xuño, e un prazo de resolución ata o 8 de setembro, adecúase ás demandas de contratación das entidades locais galegas que, en moitos casos, é na época da primaveira ou verán cando máis necesitan contratar para poder facer as obras ou servizos de interese xeral ou social?

3ª) Considera o Goberno galego que a contratación de persoas desempregadas durante tres meses a xornada completa ou de seis meses cando a contratación é atempo parcial, é suficiente para outorgar a formación profesional que favoreza a inserción laboral?

4ª) En caso negativo, cales son as outras liñas de axuda que ten pensado o Goberno galego para este exercicio 2017 para mellorar a empregabilidade en colaboración coas entidades locais?

5ª) Cales son as razóns polas que na orde se establece que os importes máximos se incrementaran nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitados conxuntamente, de acordo co punto 2.3 do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2017 10:18
Nº Rexistro: 10030
Data envío: 06/06/2017 10:18:44.996



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/06/2017 10:12:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/06/2017 10:12:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/06/2017 10:13:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/06/2017 10:13:18

Noela Blanco Rodríguez na data 06/06/2017 10:13:29

Julio Torrado Quintela na data 06/06/2017 10:13:36

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 10132(10/POC-001725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense, a avaliación do impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como a demanda ao Goberno central da corrección desta situación

Publicación da iniciativa, 129, 15.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10132
Data envío: 07/06/2017 12:36:26.904

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á necesidade de manter e velar pola calidade do servizo de correos no rural ourensán.

A situación de desmantelamento e privatización do servizo de correos ao longo dos últimos lustros é un feito, como así evidencian os datos dos últimos anos. A realidade é demoledora: en oito anos lévanse perdido no Estado unha media de arredor de 20.000 empregos. A esta situación cómpre engadir que se pasou de 9.926 a 8.946 puntos de atención e que os perdidos correspóndense con enlaces rurais en pequenos núcleos de poboación. Neste tempo, desde a dirección de Correos coa complicidade do goberno central tense seguido unha estratexia pola cal se mantén a rede de Oficinas Técnicas pero minóranse as Oficinas Auxiliares, atendidas por un carteiro en xornada parcial en locais cedidos polos Concellos.

Estas actuacións teñen consecuencias negativas para a calidade e o desenvolvemento óptimo do servizo, fundamentalmente para as poboacións rurais. Deste xeito, de analizarmos polo miúdo este descenso, podemos verificar como só nestes últimos oito anos (aqueles dos que existen datos oficiais) un total de 1.113 carteiros e carteiros rurais en todo o Estado teñen desaparecido. A esta grave minoración podemos sumar 980 puntos de atención, concretamente as anteriormente citadas oficinas auxiliares atendidas de xeito unipersoal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10132

Data envío: 07/06/2017 12:36:26.904

Cómpre recordar que a Lei 24/1998, do 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais recolle no seu título III as obrigacións do servizo público no tocante ás definicións e obrigas do servizo postal universal e outros dereitos e obrigas de carácter público á hora da prestación dos servizos postais. Neste sentido, establécense obrigas dun servizo que se entende de raíz pública, o servizo postal universal e obrigas e dereitos diversos radicados na prestación dos servizos postais.

Porén, estase a aplicar unha unha política pola cal, en base a modificacións dos criterios de dimensionamento, amortízase a práctica totalidade das vacantes dos enlaces rurais e a obrígase a que as e os empregados que prestan os seus servizos na mesma oficina en áreas limítrofes asuman áreas de reparto amortizadas, ou mesmo sexan forzadas e forzados a desprazáranse a outras áreas. Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que todas estas cuestións contraveñen o sentido público do servizo de correos e a normativa que regula a súa concesión e financiamento.

Máis aínda, isto afecta de forma especialmente grave ao territorio administrativo comprendido baixo a denominación de provincia de Ourense, conforme veñen denunciando forzas sindicais e este grupo parlamentar nacionalista. Cómpre indicar que esta discriminación cara Ourense xa se tiña dado antes da xeneralización das novas tecnoloxías e a incidencia dos primeiros anos da crise, pois tññase reducido o 33% dos carteiros rurais no intervalo de dez anos dende o ano 1996 até o 2006, pasando de 330 a 212. Pasado este período e baixo criterios economicistas e tomando o despoboamento como unha desculpa en lugar dun argumento para mellorar o servizo e incentivar a fixación de poboación, a situación ten empeorado de forma drástica. Desta forma, podemos sinalar como segundo datos oficiais a finais do 2016 xa só hai 153, outro 30% menos nun intervalo similar de tempo, constituíndo a peor porcentaxe a nivel do Estado español.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10132
Data envío: 07/06/2017 12:36:26.904

A desaparición dos carteiros rurais ten unha incidencia enorme en Galiza posto que temos máis de 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos do estado español. Todo isto, sumado á progresiva eliminación de servizo obriga a moitos veciños e veciñas con desiguais condicións físicas, sociais e económicas a desprazáranse a zonas máis poboadas, provocando a desertización de numerosos núcleos de poboación.

O Bloque Nacionalista Galego considera que o reparto no ámbito rural é a esencia que converte a Correos nun servizo público. É precisamente a prestación do Servizo Postal Universal, aquel que Correos ten encomendado por Lei e que garante un acceso en condicións de igualdade non discriminatorias e a un prezo asequíbel a toda a cidadanía con independencia da súa residencia, unha responsabilidade da entidade subministradora, do goberno do Estado de quen depende o financiamento e tamén da propia Xunta de Galiza, que debe velar pola igualdade dos galegos e galegas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no rural, nomeadamente en Ourense?

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno da Xunta de Galiza o impacto en Galiza, especialmente en Ourense, dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos?

-Incluirá o goberno galego nas súas demandas ao goberno central unha corrección desta situación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10132
Data envío: 07/06/2017 12:36:26.904

-Ten constancia o goberno galego das razóns que levan a Correos a suprimir progresivamente puntos de atención no rural? Cal é a súa valoración?

-Coñece o goberno galego as motivacións para ser suprimida a figura do carteiro urbán nas oficinas técnicas de vilas como Castro Caldelas ou Bande? Compárteas?

-Como avalía o goberno galego o impacto do recorte aplicado polo goberno central no proxecto de orzamentos para 2017?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2017 12:32:27

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2017 12:32:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10132
Data envío: 07/06/2017 12:36:26.904

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2017 12:32:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2017 12:32:37

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2017 12:32:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2017 12:32:41

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 10171(10/POC-001736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa materialización da operación de venda do Banco Popular Pastor, actuación levada a cabo polos organismos reguladores e polo Ministerio de Economía, así como o seu impacto en materia de emprego, os efectos previstos na economía galega e a súa opinión respecto da garantía, na actualidade, dos dereitos das persoas usuarias de servizos bancarios

Publicación da iniciativa, 129, 15.06.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 17:30
Nº Rexistro: 10171
Data envío: 07/06/2017 17:30:52.709

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á efectivización da venda do Banco Popular e a actuación dos organismos reguladores

Tal e como ten denunciado o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, diante da fonda crise do sector financeiro que estala de forma importante no 2008, no lugar de aproveitar a oportunidade de desenvolver unha reforma do sistema no camiño de garantir a transparencia, a intervención e o control público evitara unha vaga de burbullas financeiras, desde o Estado español intereses económicos e partidarios pactaron unha “reestruturación”. Así pois, baixo o obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, levouse a cabo a traslación a mans privadas e a bancarización das caixas de aforros coa consecuente perda de galegitude e redución de calidade do servizo a través da redución do número de entidades, a precarización do persoal dependente, a transformación dos produtos emitidos, etc.

Ademais, cómpre salientar como a supervisión pasou a descansar de forma única en institucións centrais do Estado e cabe sinalar tamén o cuestionábel papel dos organismos de regulación, tanto no referido á normativa reguladora que sustentou a reestruturación, baixo os citados criterios de concentración, centralización e bancarización do sistema financeiro e pactada polos grandes partidos estatais como no referido ás conxunturas recentes de diversas entidades bancarias, como o caso do Banco Pastor e o seu proceso de absorción.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 17:30
Nº Rexistro: 10171
Data envío: 07/06/2017 17:30:52.709

O pasado día 7 de xuño de 2017 nas primeiras horas da mañá coñecemos a través do anuncio do Fondo de Resolución Bancaria (FROB) a decisión de vender o Banco Popular ao Santander ao prezo, nada máis nin nada menos, dun euro. Unha decisión efectivizada despois dunha noite de negociacións trala que as reguladoras avaliaron a inviabilidade da entidade bancaria. Unha entidade, ademais, que conta cunha importante rede de empregados, clientela e liñas comerciais e de negocio no noso país, nunha cota de mercado até dun 20%.

Esta venda xa efectiva constitúe un novo paso adiante no proceso de reestruturación bancaria e as súas consecuencias canto á concentración e centralización do oligopolio bancario como canto ao impacto inmediato e a longo prazo na economía galega, nos traballadores e traballadoras, nas entidades derivadas e no tecido de servizos financeiros son indubidábeis. Polo tanto, é preciso avaliar de forma rigorosa a actuación dos supervisores (Banco de España e CNMV) e do Ministerio de Economía na crise do Banco Popular Pastor e o seu impacto na economía galega a curto e longo prazo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Como avalía o goberno galego a actuación dos supervisores (Banco de España e CNMV) e do Ministerio de Economía na crise do Banco Popular Pastor?

-Cales son as causas, a xuízo do goberno galego, da fixación do prezo de venda nun só euro?

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego o impacto en materia de emprego da actuación dos reguladores na caída da entidade?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 17:30
Nº Rexistro: 10171
Data envío: 07/06/2017 17:30:52.709

-Como avalía o goberno galego as filtracións sobre a venda da entidade e a inminente quebra das semanas anteriores?

-Que efectos prevé o goberno galego, na economía galega, desta venda?

-Considera a Xunta de Galiza que o mercado financeiro galego ten entidade de seu?

-Considera a Xunta de Galiza que están garantidos os dereitos das persoas usuarias de servizos bancarios?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2017 17:28:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 17:30
Nº Rexistro: 10171

Data envío: 07/06/2017 17:30:52.709

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2017 17:28:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2017 17:28:43

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2017 17:28:46

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2017 17:28:48

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2017 17:28:51

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 48115(09/PEA-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Informe de seguimento do Programa Estatístico 2015

Publicación do Informe de seguimento, 617, 16.03.2016

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 7966(10/MOP-000007)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo
de 2017

Publicación, 105, 26.04.2017

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 9448(10/MOP-000008)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de abril
de 2017

Publicación, 120, 31.05.2017

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 27.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 9124(10/IIGA-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e sobre os avais vixentes a 31 de marzo de 2017 do Igape

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017